

II PREMIOS DE INNOVACIÓN DOCENTE

CONSTRUÍNDO A ECONOMÍA E CIDADANÍA EUROPEA E DA EURORREXIÓN GALICIA- NORTE DE PORTUGAL NAS AULAS



Profesor: Diego Sande Veiga

Universidade de Santiago de Compostela

Curso 2023-2024



**CONSTRUÍNDO A ECONOMÍA E CIDADANÍA EUROPEA E DA EURORREXIÓN
GALICIA-NORTE DE PORTUGAL NAS AULAS
(Curso 2023-2024)**

1. Materias.....	3
2. Obxectivos.....	3
3. Descrición e duración.....	4
4. Resultados de aprendizaxe.....	6
5. Vantaxes e dificultades.....	8
6. Recursos e ferramentas.....	9
7. Referencias.....	10

1. Materias

Política Económica (2º ADE), como primeira achega do alumando do Grao en Administración de Empresas a esta disciplina, que presenta como obxecto no seu programa:

- Explicar o funcionamento e características específicas da política económica nas sociedades democráticas.
- Coñecer aplicacións da política económica en contextos espaciais e sectoriais diversos.

Política Económica Internacional (4º ECO), materia optativa correspondente aos estudos que conducen á obtención do título do Grao en Economía, e que presenta como obxectivos:

- Desenvolver a visión crítica e omnicompreensiva de institucións, actores e procesos que caracterizan os aliñamentos actuais da política económica internacional.
- Consolidar un foro de reflexión e debate colectivo arredor dos principais procesos, fenómenos e resultados da política económica internacional.

Finalmente, tendo en conta a transversalidade dos contidos, a aplicabilidade da actividade pode estenderse a outras materias do ámbito do desenvolvemento económico e da estrutura económica mundial. Esta idea refórzase se temo sen conta que outro profesorado destas áreas xa se interesou polo documental elaborado polo docente como material para as súas aulas.



2. Obxectivos

2.1 Cubrir necesidade de formación e coñecemento do proceso de conformación das Eurorrexións no contexto europeo

Parte das ineficiencias que se producen a nivel organizacional están causadas por faltas de axuste derivadas da maneira na que a sociedade se organiza e produce. Co obxectivo de procurar formas de produción e xeración de coñecemento máis consistentes, sostíbles e respectuosas coas necesidades da sociedade, xurdiu hai xa uns anos a iniciativa de creación das coñecidas como Eurorrexións, co impulso da Unión Europea. Na actualidade, a

conformación económica e institucional destas Eurorrexións está aínda en construción, existindo un gran descoñecementos do entramado que compoñen os axentes involucrados neste proceso.

Por este motivo, e en ausencia dunha materia específica con formación sobre políticas da UE nos actuais plans de estudos, a proposta innovadora e educativa presentada ao alumnado pretende facer fronte a esta necesidade.



2.2 Contribuír ao proceso de construción europeo desenvolvendo a conciencia de cidadanía da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Un dos obxectivos principais desta actividade innovadora é a toma de conciencia do alumnado da súa pertenza a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como cidadáns da mesma. Neste sentido, o documental elaborado (no que o profesor foi parte do equipo de traballo) e empregado nas aulas, así como a actividade proposta alíñanse con tres dos retos formulados como parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), impulsados desde a Organización de Nacións Unidas (ONU):

- Enfrontar os retos da cidadanía e das comunidades (Obx. 11),
- Promover a solidez das institucións (Obx. 16), e
- Tecer alianzas para acadar os obxectivos (Obx. 17)



3. Descrición e duración

Con a finalidade descrita no apartado anterior preténdese que o alumnado do Grao de ADE e do Grao de Economía que cursa as materias nas que se desenvolve esta actividade poida adquirir novos coñecementos sobre a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que apoien a consecución dos ODS sinalados. A día de hoxe, ademais do descoñecemento do proceso de construción das eurorrexións por parte do alumnado, as propias institucións eurorrexionais apenas contan con medios e coñecementos específicos suficientes para poñer en valor na sociedade os seus recursos e saber facer. Esta diagnose, unida á falta de contidos específicos neste sentido nos plans de estudos actuais, motivan o desenvolvemento desta actividade.

Para acadar os obxectivos propostos proponse a seguinte secuencia de actividades que se desenvolven secuencialmente ao longo da duración das materias do curso:

- a) Avaliación inicial: Na sesión inicial do curso lévase a cabo unha avaliación dos coñecementos do alumnado en relación á política económica e á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O medio empregado para levar a cabo esta avaliación inicial é un cuestionario empregado mediante novas tecnoloxías. O cuestionario formularase introducindo a gamificación e de maneira competitiva, empregando plataformas electrónicas que o permitan, como Kahoot.
- b) Presentación e visionado do documental “O diamante galego” elaborado polo docente, en colaboración con Nós Televisión, a Deputación da Coruña e a AGAL: Actividade realizada o 14 de febreiro no salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Para aqueles grupos ou alumnado que non puidese participar na presentación oficial do documental, este estará dispoñible a través da plataforma Youtube, na que xa se pode visionar o trailer (consultar en: <https://www.youtube.com/watch?v=ln-b6E004yA&t=64s>). O Diamante Galego é un filme que nos aproxima das relacións económicas galego-portuguesas, nomeadamente no espazo circunscrito ao Eixo Atlántico. No documental reflexiónase sobre o pasado, o presente e o futuro desa relación, adiviñándose un fortalecemento da mesma, ao cal poderá contribuír tamén unha maior aproximación a diferentes niveis (infraestruturas, lingüístico, etc.). Entre moitos outros nomes, no Diamante Galego participan políticos e políticas (Teresa Táboas, Pedro Puy, Xesús Gamallo), presidentas das Cámaras municipais de Tominho (Sandra González) e Cerveira (Rui Teixeira); analistas (Antón Baamonde, Diego Sande); directivos de organismos empresariais e institucionais (António Cunha, Xoán Vázquez Mao); e empresarios e ex-empresarios como José Ramón Pichel (de Imaxin-Software) ou Enrique Sáez Ponte (presidente da fundación Juana de Vega e ex-diretivo do Banco Pastor). [Ver enlace a informacións sobre a presentación: <https://nostelevision.gal/agal-estrear-documentario-relacions-galiza-portugal/>]
- c) Sesión de debate posterior ao documental: Esta actividade lévase a cabo en dúas partes. Por unha parte, o alumnado intercambia coñecementos e dúbidas respecto do proceso de construción da Eurorrexión cos axentes que interveñen no propio territorio (sesión de 14 de febreiro). Nesta primeira parte contamos con Jorge Cebreiros Arce -Presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra-, con Antón Baamonde -analista, escritor e profesor-, Xosé Lago (subdirector AECT), e con axentes do sector privado de empresas que operan en ambos os lados da raia fronteiriza. Por outra parte, nunha segunda parte, o docente traslada o debate ás aulas nunha sesión posterior, unha vez o alumnado teña repousada a información ofrecida polo documental e o debate cos axentes especializados (sesións da semana do 19 ao 23 de febreiro).
- Sesión interactiva analizando políticas europeas: O seguinte paso de construción da conciencia e cidadanía da Eurorrexión consiste na análise das políticas europeas e dos instrumentos de política postos a disposición por parte da Unión Europea. Neste sentido, os textos de análise propostos ao alumnado xiran arredor das políticas europeas na actualidade. Sobre os textos propostos, o profesor propón nas aulas un cuestionario de coñecemento e interpretación da información neles contidos. O alumnado de cuarto curso, por ser máis avanzado, elaborará unha actividade adicional para comprender que é un estado de execución dun programa europeo e como ler a súa información. Ambas as actividades serán valoradas polo docente en función do nivel de desempeño do alumnado. O nivel de dificultade da actividade varía en función da materia que curse o alumnado, da seguinte maneira:

- Todo o alumnado: Sande, D. (2020). *O estrangulamento tecnolóxico de Galicia. Análise das políticas europeas de innovación rexional durante a Gran Recesión*. Laiovento: Santiago de Compostela
 - Alumando de Política Económica Internacional (4º ECO): Sande, D. & Sande, J.R. (2022). Análise dos estados de execución de orzamentos públicos autonómicos: O caso dos programas operativos rexionais e plurirrexionais dos fondos estruturais: Concreción da análise da execución orzamentaria consecuencia da aplicación das políticas económicas públicas en Galicia. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, vol. 83
- d) A parte final da actividade levarase a cabo na última sesión da materia do presente curso. Neste sentido, unha vez traballados os contidos principais mediante diferentes metodoloxías, realizarase unha avaliación final das aprendizaxes sobre a Eurorrexión na que se empregan recursos que introducen a gamificación en forma de competencia entre o alumnado, ademais das novas tecnoloxías mediante o uso de plataformas dixitais (Slido, Sporcle ou Kahoot).
- e) En fases sucesivas, e de cara ao futuro, barállase que o alumnado elabore traballos de análise sobre aspectos da Eurorrexión. Estes contidos poderían ser expostos por parte do alumando ao axentes do proceso de construción eurorrexional. Para isto sería necesario un convite ás organizacións participantes neste proceso, de maneira que se facilite, se é posible, a comunicación dos resultados. Con este obxecto, o alumnado encargárase de elaborar e preparar unha presentación cos resultados observados.

4. Resultados de Aprendizaxe

A seguir relaciónanse os resultados de aprendizaxe e as competencias que desenvolve o alumando a través da proposta didáctica innovadora por parte do docente:

- Competencias relacionadas coas materias
 - Saber definir obxectivos de traballo e identificar problemas a resolver. Para isto, a alumnado deberá discernir o contexto e realidade económica da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
 - O alumnado deberá saber buscar información relevante a acudindo a fontes diversa e fiables. O obxectivo será coñecer as consecuencias para as empresas da aplicación e elaboración de políticas económicas a nivel eurorrexional, e/ou da súa ausencia ou falta de eficacia.
 - Comprender a actividade económica da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no seu contexto espacial e sectorial, para o que o alumnado deberá facer uso dos coñecementos adquiridos ao longo do curso.
 - Preténdese, finalmente, fomentar a capacidade crítica do alumnado e que este sexa capaz de identificar as carencias e limitacións tanto das políticas públicas, como do seu propio traballo.

- Relacionados cos contidos da titulación

- Que o alumando saiba aplicar os coñecementos adquiridos ao traballo dunha forma profesional e posúa as competencias para elaborar e defender argumentos e resolver problemas relacionado co seu ámbito de estudo (CB2), e a nivel da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal.
- Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole económica e social (CB3), coma o proceso de construción europeo.
- Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público especializado ou non especializado (CB4)

- Aprendizaxes para a vida


- O alumnado poderá desprezar os seus coñecementos e a súa capacidade de resolución de problemáticas económicas nun entorno real, poñéndose en contacto directamente con axentes obxectivo de parte das políticas económicas. Desta maneira, fomentárase a aprendizaxe activa.

- Aprendizaxes transversais

- Desenvolver o razoamento crítico (CT8)
- Mellorar a comunicación oral e escrita (CT3)

A continuación, recompílase a información sobre o proceso de avaliación da actividade innovadora, que se leva a cabo en catro partes:

- Unha avaliación inicial mediante o emprego de novas tecnoloxías que permitirá coñecer o nivel de coñecemento do alumnado.
- Unha avaliación da participación do alumnado nas actividades de debate propostas tras o visionado do documental “O diamante galego”, elaborado coa participación do docente para as materias obxecto da actividade innovadora.
- A avaliación das actividades de análise de textos propostos con temática da Eurorrexión mediante unha lista de cotexo.
- Avaliación final mediante o emprego de novas tecnoloxías e a gamificación que permitirá dilucidar o progreso do alumnado en materia de coñecemento do proceso de construción europea.



- **Lista de cotexo para avaliación da aprendizaxe do alumnado**

	Logrado	Non logrado	Observacións
Amosa unha actitude positiva á participación nas actividades propostas			
Conecta co entorno económico			
Aprende novo vocabulario técnico económico sobre a Eurorrexión e as políticas europeas			
Desenvolve valores de cidadanía Europea e da Eurorrexión			
Expresa as súas ideas de maneira coherente			
Cumpre coas tarefas de análise económica propostas			
Mellora o seu nivel de coñecemento inicial da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal			

5. Vantaxes e dificultades

As principais vantaxes da actividade innovadora que se está a desenvolver no presente curso están relacionadas precisamente co obxecto da presente convocatoria de premios de innovación. Neste sentido a incorporación de metodoloxías máis activas no procesos de ensino-aprendizaxe e na súa avaliación formativa serán un complemento ideal que permitirá acrecentar algúns dos principais aspectos pretendidos a través da presente actividade. Así, a través desta actividade refórzanse principalmente conceptos clave como a pertenza á cidadanía europea. Isto implica necesariamente que o alumnado desenvolverá e mellorará aspectos como a igualdade e inclusión dos habitantes do territorio eurorrexional no que habita e interactúa. Por outra parte, ademais do material audiovisual elaborado, de maneira transversal traballaranse aspectos relacionados coa familiarización e emprego de novas tecnoloxías. Finalmente, introdúcese tamén a gamificación no proceso de aprendizaxe, de maneira que a receptividade do alumnado á actividade vese tamén incrementada.

Unha das principais dificultades para levar a cabo esta actividade reside no feito de que se tratarán aspectos relacionados cun nivel de administración que aínda está en construción e presenta algunhas incertezas de cara ao seu desenvolvemento futuro. Ademais, a proximidade xeográfica co territorio do Norte de Portugal convida a que o alumnado pense inicialmente que coñece a realidade económica da Eurorrexión, mais na verdade son descoñecedores de que a economía galega depende moito máis da economía da Região do Norte que ao revés.

6. Recursos e ferramentas

Un dos puntos fortes da actividade proposta é a variedade de recursos e ferramentas empregados para o desenvolvemento da mesma. Para esta actividade, contarase con recursos de diferentes tipos: audiovisuais -para cuxa creación o docente envólvese como parte do equipo de traballo do documental, sendo responsable do enfoque económico dos mesmos, dos datos económicos da Eurorrexión amosados, e da selección de axentes económicos participantes no documental-, recursos en forma de textos específicos -redactados e publicados polo docente-, así como con actividades que implican o debate, a reflexión, e o progreso a nivel de competencias do alumnado. Neste proceso, empregaranse ademais ferramentas de carácter tecnolóxico, permitindo que o alumnado progresese de maneira transversal na súa familiarización e emprego.

- **Documental “O diamante galego”** sobre a Eurorrexión Galicia_norte de Portugal, elaborado en colaboración con Nós Televisión, a Deputación da Coruña e AGAL. Tal e como se indicaba, “O Diamante Galego” é un filme que nos aproxima das relacións económicas galego-portuguesas, nomeadamente no espazo circunscrito ao Eixo Atlántico. No documental reflexiónase sobre o pasado, o presente e o futuro desa relación, adiviñándose un fortalecemento da mesma, ao cal poderá contribuír tamén unha maior aproximación a diferentes niveis (infraestruturas, lingüístico, etc.). Entre moitos outros nomes, no Diamante Galego participan políticos e políticas (Teresa Táboas, Pedro Puy, Xesús Gamallo), presidentas das Cámaras municipais de Tominho (Sandra González) e Cerveira (Rui Teixeira); analistas (Antón Baamonde, Diego Sande); directivos de organismos empresariais e institucionais (António Cunha, Xoán Vázquez Mao); e empresarios e ex-empresarios como José Ramón Pichel (de Imaxin-Software) ou Enrique Sáez Ponte (presidente da fundación Juana de Vega e ex-diretivo do Banco Pastor). Visionar trailer en: <https://www.youtube.com/watch?v=ln-b6E004yA&t=64s>.
- **Textos de análise e traballo do alumnado:**
 - Sande, D. (2020). *O estrangulamento tecnolóxico de Galicia. Análise das políticas europeas de innovación rexional durante a Gran Recesión*. Laiovento: Santiago de Compostela
 - Sande, D. & Sande, J.R. (2022). Análise dos estados de execución de orzamentos públicos autonómicos: O caso dos programas operativos rexionais e plurirrexionais dos fondos estruturais: Concreción da análise da execución orzamentaria consecuencia da aplicación das políticas económicas públicas en Galicia. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, vol. 83
- **Plataformas para cuestións relativas á avaliación inicial e á avaliación final:**
 - Kahoot, Slido e/ou Sporcle

7. Referencias

Nós Televisión. (2024). O diamante galego [Documental]. Coprodución de Nós Televisión, AGAL e financiamento da Deputación da Coruña [ref. 14 de febreiro de 2024]. Trailer dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=ln-b6E004yA&t=64s>

Sande, D. (2020). *O estrangulamento tecnolóxico de Galicia. Análise das políticas europeas de innovación rexional durante a Gran Recesión*. Laiovento: Santiago de Compostela

Sande, D. & Sande, J.R. (2022). Análise dos estados de execución de orzamentos públicos autonómicos: O caso dos programas operativos rexionais e plurirrexionais dos fondos estruturais: Concreción da análise da execución orzamentaria consecuencia da aplicación das políticas económicas públicas en Galicia. *Eduga: Revista Galega do Ensino*, vol. 83